



# TRABALLOS EN CUBERTAS O IMPORTANTE É BAIXAR CON VIDA

# TES UN TELLADO? ISTO INTERÉSACHE

Facilita esta información a  
quen vaías contratar para  
traballar sobre o teu tellado.



GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES Y SEGURIDAD SOCIAL



GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES Y SEGURIDAD SOCIAL



# Se tes que contratar un traballo no teu tellado, segue estes pasos:

## 1- RECOMPILACIÓN DE INFORMACIÓN

O **promotor/titular do edificio** recompilará información sobre a cuberta. Os posibles **contratistas** completarán, como mínimo, cunha visita previa ao edificio para poder orzar os traballos adecuadamente.

**PROMOTOR/TITULAR DO EDIFICIO**  
Quen paga os traballos.

**CONTRATISTA**  
A quen o promotor/titular do edificio lle encarga os traballos.

**TRABALLADORES.**  
Persoas que executan os traballos.

## 2- SELECCIÓN DE CONTRATISTA

O **promotor/titular do edificio** seleccionará un contratista cos medios necesarios e con traballadores formados para traballar en cubertas de forma segura.

## 3- PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS

O **contratista** determinará o procedemento de traballo describindo as tarefas e a orde na que se realizarán, quen e como as vai executar e como se actuará en caso de emerxencia.

## 4- PREPARACIÓN DOS TRABALLOS

O **contratista** proporcionará aos traballadores os medios necesarios e a formación adecuada para executar a actividade de forma segura e eficiente. O **contratista** designará un responsable de supervisar os traballos.

## 5- EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

O responsable de supervisar os traballos revisará o procedemento xunto cos traballadores. Os traballadores executarán as tarefas conforme o procedemento establecido e cumprirán as normas de seguridade. O responsable comprobará que así se fai.

## 6- FINALIZACIÓN DOS TRABALLOS

O **contratista** trasladará ao promotor/titular do edificio toda a información e a documentación referente ao uso e mantemento dos elementos da cuberta sobre os que interveu, así como todo o que resulte relevante para que as futuras actuacións se poidan realizar de forma segura.

**Elixo a quen realice o traballo de forma segura e dálle toda a información que precise. Aproveita a intervención na cuberta para instalar proteccións permanentes.**

